

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

RESOLUCIÓN do 8 de xuño de 2026 pola que se declara área de rehabilitación integral o núcleo de Oseiro, en Arteixo.

Denominación: área de rehabilitación integral Núcleo de Oseiro.

Ámbito: urbano de carácter continuo.

Clase: área de rehabilitación integral de ámbito urbano.

Antecedentes de feito:

1. O 6 de febreiro de 2025, o Concello de Arteixo presentou ao Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS) unha solicitude para a declaración dunha área de rehabilitación integral (en diante, ARI) no núcleo de Oseiro, no seu termo municipal. Coa solicitude xúntase o certificado do acordo adoptado ao respecto polo Pleno da Corporación, na súa sesión do 30 de xaneiro de 2025.

2. O ámbito comprende unha superficie de 201.862 m², que abrangue o solo clasificado polo planeamento municipal como solo urbano consolidado con cualificación de uso global residencial, incorporando os asentamentos orixinais do Igrexario e Oseiro ata o lugar da Raña e a urbanización Sol y Mar.

3. A declaración da ARI solicitada conta co informe favorable, tanto desde o punto de vista técnico e urbanístico como administrativo, das unidades competentes do IGVS.

Consideracións legais e técnicas.

1. A Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, regula as ARI nos seus artigos 49 a 51. Concretamente, o artigo 50.1.c) define as ARI de ámbitos urbanos como aquelas cuxo ámbito non pertenza a ningunha das categorías consideradas nas alíneas anteriores, é dicir, cando o seu ámbito non pertenza nin a ARI de conxunto histórico nin a ARI rural. Neste suposto, o ámbito delimitado deberá ter, como mínimo, cincuenta vivendas.

2. O Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o des-



envolvemento do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, regula no seu capítulo II, sección 2ª, artigo 8, o procedemento para a declaración das ARI.

No expediente para a declaración desta ARI recóllense todos os aspectos sinalados no artigo 8.2 do Decreto 18/2014, do 13 de febreiro.

3. De conformidade cos artigos 49 da Lei 1/2019, do 22 de abril, e 8.1 do Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, as ARI declararanse mediante unha resolución da Presidencia do IGVS, por solicitude dos concellos interesados.

Por todo o exposto e de conformidade coas competencias atribuídas no artigo 49 da Lei 1/2019, do 22 de abril,

RESOLVO:


Declarar a área de rehabilitación integral Núcleo de Oseiro de ámbito urbano de carácter continuo, no termo municipal de Arteixo, segundo o ámbito recollido no antecedente segundo e delimitado nos planos que se xuntan como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2026

María Martínez Allegue
Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo



ANEXO



CVE-DOG: xvux118-n307-by25-ucj8-5qsc6zcrqv17

